



CONCELLO DE TUI



EUROCIDADE  
TUI | VALENÇA  
UNICIDADE



Fondo Europeo de Desarrollo Regional  
Fundo Europeu de Desenvolvemento Regional

## 1ª SAN SILVESTRE POPULAR DE TUI 2021

### REGULAMENTO 2021

**PRELIMINAR. – É OBRIGATORIO O USO DE MASCARILLA durante toda a asistencia á proba. Solo se poderá quitar durante a propia carreira (unha vez cruzado o arco de SAÍDA, volvendo a poñela tras cruzar a META).**

#### ARTÍGO 1.- PRESENTACIÓN

A 1ª San Silvestre Popular de Tui terá lugar o día 31 de decembro de 2021, ás 10.30 horas, polas rúas de Tui, con carácter non competitivo, organizada polo Concello de Tui, en colaboración co Club Atletismo Tui, así como polos servizos municipais de policía local, protección civil, obras...

Ao remate da proba, a organización proporcionará rosca e chocolate quente para todos os participantes, así como un paquete con 12 uvas, que se tomarán ás 12.00 horas do mediodía.

#### ARTÍGO 2.- PARTICIPANTES

Poderán tomar parte nesta proba popular todas aquelas persoas que o desexen, sen distinción da idade, sempre e cando:

- A súa condición física sexa a adecuada para este tipo de proba
- Estean correctamente inscritas tanto en tempo como en forma

#### ARTÍGO 3.- PERCORRIDO

A 1ª San Silvestre Popular tomará a **saída ás 10.30 horas**, transcorrendo por un percorrido aproximado de **catro quilómetros**, totalmente urbano e sobre superficie de asfalto. A saída e meta estarán localizadas no Paseo da Corredoira.

#### ARTÍGO 4.- INSCRICIÓNS

As inscricións poderán facerse **ON-LINE**, dende as **00:00 horas do 17 de decembro** ata as **23:59 horas do día 29 de decembro**, dende o enderezo electrónico do Concello de Tui, cumprimentando o formulario correspondente, [www.tui.gal](http://www.tui.gal).

A inscrición é gratuita e solidaria, entregando á recollida do dorsal, un quilo de alimento non perecedeiro, que será doado a Asociación SOS Tomiño Baixo Miño.



DEPORTE  
TUDENSE  
CONCELLEIRA DE DEPORTES  
EXCMO. CONCELLO DE TUI



club atletismo  
TUI



PROTECCIÓN CIVIL  
CONCELLO DE TUI



SOS TOMIÑO - BAIXO MIÑO  
ASOCIACIÓN ASISTENCIAL SOS TOMIÑO-BAIXO MIÑO



No momento da inscrición deberán completarse correctamente todos os datos do formulario de forma veraz.

Non se recollerán inscricións que non contén con todos os datos persoais necesarios.

## ARTÍGO 5.- DISFRACES

DISFRACES.- O carácter festivo da proba acepta e agradece participantes disfrazados.

## ARTÍGO 6.- RECOLLIDA DO DORSAL

Os dorsais se entregarán o mesmo día da carreira, dende ás 09.30 horas, na mesma zona de saída, no Paseo da Corredoira.

Si existira calquera cambio, será comunicado a través da páxina web. O participante deberá levar o dorsal no momento da saída e durante toda a carreira, sendo responsable da correcta colocación.

## ARTÍGO 7.- SERVICIO ASISTENCIA SANITARIA

A organización contará cun servizo de asistencia sanitaria en saída/meta.

## ARTÍGO 8.- SEGURO ACCIDENTES

Todos os participantes oficialmente inscritos estarán cubertos por un seguro de accidentes que cubrirá **os accidentes** que se produzan como consecuencia directa del desenvolvemento da proba, e nunca como derivación de un padecemento o tara latente, lesión, imprudencia, negligencia, inobservancia das leis e do articulado do Regulamento, etc., nin os producidos nos desprazamentos ao lugar en que se desenvolva a carreira.

## ARTÍGO 9.- PROTECCIÓN DE DATOS

Información básica sobre protección de datos: (Regulamento (UE) 2016/679 do 27 de abril 2016): O Concello de Tui é o responsable do tratamento dos seus datos persoais coa finalidade de inscrición, xestión e desenrolo da 1ª San Silvestre Popular de Tui, baixo a lexitimación do establecemento dunha relación contractual. Os seus datos non serán cedidos salvo por obrigación legal o no interese vital do interesado ou en base á contratación do seguro de accidentes esixido por lei. Lle asisten os dereitos de acceso, rectificación, cancelación, oposición, portabilidade e limitación que poderá exercer nas nosas oficinas ou no mail: [registro@tui.gal](mailto:registro@tui.gal). Poderá obter información ampliada sobre o tratamento dos seus datos persoais no apartado de Política de privacidade en nosa web

<https://concellotui.sedelectronica.gal/transparencia/9f2fb297-15dd-4aad-b652-927e178b888c/>





CONCELLO DE TUI



EUROCIDADE  
TUI | VALENÇA  
UNICIDADE



Interreg  
España - Portugal

Fondo Europeo de Desarrollo Regional  
Fundo Europeu de Desenvolvemento Regional



UNIÓN EUROPEA  
UNIÃO EUROPEIA

## ARTÍGO 10.- GRAVACIÓN DE IMAXES

Durante o evento, a organización realizará a toma de imaxes dos participantes antes, durante e despois da celebración do evento en todo o relativo á celebración do mesmo. As imaxes serán utilizadas pola organización para promoción e difusión da proba sen ningún límite temporal nin de soporte.

Se as condicións meteorolóxicas o permiten, durante a celebración da carreira se tomarán imaxes aéreas con RPAS (drone), que se utilizarán para a realización de contidos audiovisuais para promoción do evento por parte do Concello de Tui. Os RPAS estarán operados por una empresa certificada por AESA que conta con tódolos permisos correspondentes e capacitación técnica para operar os mesmos.

## ARTÍGO 11.- ACEPTACIÓN DO REGULAMENTO

Todos os participantes, polo feito de rexistrarse, confirman que leron, entenden e aceptan o presente regulamento.



DEPORTE  
TUDENSE  
CONCELLEIRA DE DEPORTES  
EXCMO. CONCELLO DE TUI



club atletismo  
TUI



PROTECCIÓN CIVIL  
CONCELLO DE TUI



SOS TOMIÑO - BAIXO MIÑO  
ASOCIACIÓN ASISTENCIAL SOS TOMIÑO-BAIXO MIÑO